
O CESGA preparado para o paso ao ano 2000

- Actualizado (13.09.2005)

Ao longo deste ano, o CESGA realizou análises e consultas e tomou todas as medidas e accións necesarias para que os seus equipos pasen ao ano 2000 sen incidencia algunha.

Sen embargo, e como medida complementaria para garantir o correcto funcionamento dos equipos, a partir das 18:00 horas do día 31 de decembro (as 4 da madrugada do día 1 de xaneiro do 2000 en Australia) recibirase no CESGA un primeiro informe das incidencias non previstas que se poidan producir sobre superordenadores de arquitecturas homólogas ás dos equipos instalados no CESGA. Este informe será enviado desde un centro de supercomputación en Sydney e, no caso de producirse algunha incidencia, permitiralles aos técnicos do CESGA tomar as medidas que correspondan.

O vindeiro día 31, o CESGA disporá de personal técnico nas súas instalacións desde as 23:30 h. para confirmar o correcto funcionamento de todos os equipos.